

Prácticas con eXeLearning

Obxectivos:

Nestas prácticas amósanse as posibilidades e funcións básicas desta aplicación. Tómase as Ordes arquitectónicas clásicas como excusa para presentar dun modo máis ou menos realista os resultados que pode lograr con eXe. Os textos, imaxes, multimedias diversos... elixíronse practicamente ao chou sen pretender respectar unha exposición do tema da Ordes aquitectónicas lóxico, coherente, didáctico, pedagóxico...

Nas sucesivas páxinas do recurso preséntanse e explóranse os iDevices máis usados. Vostede debe ir facendo prácticas no seu ordenador cos iDevices ao mesmo tempo que se comentan na sesión presencial. Así mesmo, unha vez creado un arquivo con eXe, experimentaranse algúns modos de exportalo para empregalo co alumnado. Polo tanto o obxectivo deste recurso resúmese en:

- Coñecer os iDevices básicos de eXeLearning.
- Practicar cos iDevices para crear un arquivo eXe, con extensión .elp.
- Exportar o recursos a outros formatos: html, IMS, SCOR...
- Subilos á aula virtual Moodle como estratexia para usalo na aula.

Árbore de contidos:

O primeiro paso para crear un recurso dixital con eXe é crear unha árbore xerárquica de páxinas na que se colocarán os contidos. Proceda:

1. Abra eXeLearnig no seu ordenador.
2. Cre unha árbore de páxinas para colocar nelas os contidos. Faga unha árbore similar a esta da arquitectura grega:
3. Probe asubir / Baixar as páxinas.
4. Promova / Degrade algunhas páxinas.

Esta árbore e editable en calquera momento, polo que non é imprescindible elaborada de xeito definitivo ao principio.

“Estilo” do recurso eXe

Convén elixir un "Estilo" para o recurso. No menú horizontal de eXeLearning:


1. Prema en "Estilos"
2. Elix "Default" (é o estilo deste recurso)

En calquera momento pode modificarse.

Práctica: iDevice “Texto libre”

Agora engada texto nun iDevice "Texto libre":


1. Busque na Rede algunha páxina con texto e imaxe, en Wikipedia, por exemplo, o artigo "Orde arquitectónica"(se non o atopa [prema esta ligazón](#))
2. Copie un fragmento de texto.
3. Cre un iDevice "Texto libre"
4. Cole o texto na ventá. O texto colado mantén as ligazón que tiña na Wikipedia; se quere eliminálas seleccione o texto e prema na icona Desfacer ligazón (Unlink).
5. Probe a dar formato ao texto empregando as ferramentas do editor HTML:




- Finalmente, cre unha ligazón á fonte da que copiou o texto:
- Vaia á páxina web da que copiou o texto e copie a súa URL ou enderezo na rede.
- De volta en eXe, escriba unha palabra: "Fonte" ou "Wikipedia" ou algo así... e selecciónea co rato.



- Prema na icona de crear ligazóns (unha pequena cadea) (Insert / Edit Link):
- Na ventana emerxente cole a URL e en Target, elixa **Open in new window (_blank)**:
- Prema en Insert (na parte inferior)
- Prema na icona "Feito" (o tic verde) debaixo do iDevice:



Con estas iconas pode:



Finalizar o iDevice / Desfacer os cambios/ Borrar o iDevice / Subilo ou Baixalo / Cambialo de páxina.

¡¡Listo!! Xa temos un texto colado nun iDevice "Texto libre" ligado á súa fonte orixinal.

Incorporación de imaxes aos iDevices: xeitos de facelo.


INSERIR unha imaxe, é dicir, ter o arquivo da imaxe (.jpg .png .gif ...) e incorporalo (incrustalo) ao arquivo .erl de eXe:

- Cómpre ter o arquivo da imaxe no ordenador.
- Sitúe o cursor no lugar onde queira que apareza a imaxe.
- Prema na icona: Insert / edit image:




4. Na ventá emerxente:

- Prema esta icona para navegar ata a imaxe gardada no no ordenador.
- Unha vez seleccionada aparecerá o seu enderezo e na previsualización.
- Edite o tamaño se fora necesario. (Considera que deste xeito NON reduce o seu "peso")
 - Se desexa determinar como quere que apareza a imaxe páxina prema na lapela "Appearance" / "Apariencia"
 - Se non o desexa, entón
- Prema Insert / Insertar.




5. Para determinar onde e como aparecerá a imaxe **prema na lapela "Appearance" / "Apariencia":**

1. Elixa onde aparecerá a imaxe.
 2. Marco arriba / abaixo da imaxe, en píxels.
 3. Marco a esquerda / dereita da imaxe, en píxels.
 4. Borde ao redor da imaxe. 1 está ben.
 5. Inserir.
6. A imaxe debe aparecer no lugar configurado, de non ser así, éditea de novo.
7. Ademais de inserir imaxes as veces tamén é posible **LIGAR** as imaxes. Neste caso non é necesario ter descargada a imaxe, é suficiente con:
1. Localizar a imaxe en Internet,
 2. Copiar o seu enderzo ou URL ---se a páxina fonte o facilita--- e
 3. Colalo en "Image URL".
 4. O resto do proceso proceso é similar ao descrito anteriormente.



As veces é posible "embeber" a imaxe como código HTML: copiando o código de Wikimedia Commons (pulsando na imaxe e acedendo aos diferentes modos de descarga), o sinalado na imaxe, por exemplo:



Wikipedia é o mellor lugar para ligar ou embeber imaxes pois Wikimedia Commons subministra o enderzo ou o código HTML das imaxes que aparecen na popular enciclopedia. Ademais ---e isto ten a súa importancia--- dispoñibles sen dereitos reservados. Basta con premer enriba de calquera imaxe de Wikipedia para acceder á páxina onde se atopan todos os datos sobre ela, mesmo a licenza.

A diferenza fundamental entre ambos xeitos de inserir / Ligar imaxes radica en que:

1. Si se insire ou incrusta a imaxe no arquivo de eXelearning sempre estará dispoñible a imaxe, pero ---aquí ven o inconveniente--- o arquivo será máis pesado.
2. Mentres que se se liga mediante o seu endero URL ou o seu código HTML embebido a imaxe aparecerá no recurso mentres esté dispoñible na páxina fonte da imaxe. Si desaparece dela, desaparecerá do recurso. A


vantaxe radica en que o recurso será menos pesado. Si pensa aloxar os seus recursos eXe nun Moodle, líguese as imaxes polo URL ou o código HTML.

En calquera caso a imaxe descargárase de Internet: ou da páxina fonte da imaxe ou da páxina onde hospede o recurso eXe (Moodle).

Si voste pensa usar os recursos eXe na Intranet do centro ---no Servidor de contidos de Abalar--- entón deberá incrustar as imaxes para telas dispoñibles independentemente de Internet.

1. Descargue 2 ou 3 imaxes de Internet, nun tamaño (mínimo de 600 píxels de ancho)
2. Cre un iDevice "Galería de imaxes":

1. Poña o Título da Galería.
2. Engada imaxes (ábrese o explorador para que localice no seu ordenador a imaxe)
3. Móstrase a miniatura da imaxe
4. Escriba o título / nome da imaxe
5. Con estas iconas e a imaxe: Edite / Desprácea á dereita ou esquerda / Elimínea.




6. Iconas para: Finalizar o iDevice / Desfacer os cambios/ Borrar o iDevice / Subilo ou Baixalo / Cambialo de páxina.

E xa está feita a Galería... ¿foi difícil?

Incrustar un sitio web

Pasos para inserir un sitio web no recurso:

1. Abrir no navegador o sitio web na páxina concreta que deba mostrar.
2. Copiar a súa URL
3. En eXe, agregue un iDevice "Sitio WEB externo" e...



1. Cole a URL copiada no paso 2.
2. Determine o tamaño da ventá na que aparecerá o sitio web
4. Finalice o iDevice.

Práctica: iDevice "Lupa"

Pasos:

Este iDevice configúrase moi doadamente. Cumprimente ou edite os parámetros do formulario do iDevice.

Empregue imaxes de resolución alta para lograr unha imaxe aumentada de calidade.


eXe non permite usar neste iDevice imaxes ligadas directamente a Internet pola súa URL. Cómpre tela descargada para incrustala no iDevice.

1 iDevice: Lupa

Texto ?

Ruta:

Elegir una imagen: ?



2 Seleccionar una imagen (archivo JPG)

exe_cariatides_1600x1200px.jpg

Mostrar como: ?

3 684 pixels by 474 pixels. (en blanco para el tamaño original)

Alinear: ?

4 Izquierda

Zoom Inicial ?

5 100%

Máximo aumento ?

6 150%

Tamaño de la lupa: ?

7 Medio


8

Neste iDevice interesa empregar imaxes de gran tamaño para que a lupa mostre a imaxe coa suficiente resolución.

Observe que este caso empregouse unha imaxe de 1600 x 1200 pixels.


Inserir Flash e PPT (presentacións Power Point)

Os Arquivos Flash (.swf) tamén poden incrustarse, aínda que o xeito de facelo é distinto ao código HTML. Pasos para inserir un Flash:



1. Cre o iDevice para insertar ou ligar mediante URL o arquivo Flash.
2. Prema na icona para inserir animacións.
3. Seleccione no desplegable "ShockWare Flash (SWF)"
4. Cole a URL (previamente copiada) ou indique o lugar onde ten a copia do arquivo Flash.
5. Introduza o tamaño con que se mostrará. eXe por defecto por 100 x 100, que é demasiado pequeno.

Si liga o arquivo Flash mediante a URL asegúrese que copia e cola correctamente o enderezo electrónico pois as veces falta ou non se copia o "HTTP://". eXe non localizará o arquivo. Un exemplo. Para localizar o arquivo flash empregouse Google / Busca avanzada, que mostra os arquivos localizados como na imaxe. Debe copiarse o enderezo sinalado, pero observe que aparece sen o HTTP://



Amolalo en eXe cómpre engadir "http://" diante das www

Teña presente que se o liga mediante a URL a dependencia de Internet é total: para velo ten que ter conexión. Habitualmente este tipo de arquivo pesan pouco polo que paga a pena descargalo e inserilo como se indicou máis arriba. Ademais de non depender de Internet evitará outro problema: se o propietario do arquivo o elimina da súa páxina vostee deixa de telo dispoñible.


Máis problemas: pode suceder que ao abrir a páxina se execute automaticamente o Arquivo Flash, como sucede no de máis abaixo, e se amose antes de tempo. Ademais cada vez que abra esa páxina descargarase automaticamente o arquivo, co cal ocupará largo de banda innecesariamente.

As presentacións .PPT

poden inserirse en recursos eXe. Para elo debe exportar o seu arquivo .ppt a Flash:

Abra o .ppt con Impress, de Open Office. Exporte a PPT ao formato .swf (Archivo > Exportar > Tipo de Archivo > .SWF)

Unha vez convertido, insírese coma un arquivo Flash .swf




Práctica: Inserir recursos LIM

Lim inserido como código HTML:


Dende a versión 4.0 (unicode) ou 3.50 (non unicode) EdiLim inclúe unha nova función no menú contextual (botón dereito do rato), que é a posibilidade de copiar o código HTML dun libro-LIM que está publicado na Internet. Deste xeito podemos inserir un lim externo nun blog, en Moodle... directamente coa posibilidade de interactuar nel.

Pasos:

1. Abrir o LIM (no Espazo Abalar, por exemplo).
2. Botón dereito enriba do LIM e "Copiar HTML"
3. En eXe: abrir / crear o iDevice para o recurso LIM e
4. Premer na icona:



5. Ábrese a ventá:



6. Pegar na ventana emerxente (ou na etiqueta de Moodle, do Blog...) o código HTML e **deixar unicamente a etiqueta <object>**, eliminando o resto.
7. Premer en Insertar.
8. Finalizar o iDevice.

Código completo (debe deixar unicamente a etiqueta <object>):

--Object-----

```
<object type="application/x-shockwave-flash" id="objlim"
data="http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1351189568/contido/lim.swf?libro=aparello_excretor.lim" width="600" height="500" align="top" >
<param name="allowScriptAccess" value="always" />
<param name="movie"
value="http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1351189568/contido/lim.swf?libro=aparello_excretor.lim"/>
<param name="quality" value="high" />
<param name="allowFullScreen" value="true" />
```

```
<param name="FlashVars" value="libro=aparelo_excretor.lim"/>
</object>
```

```
--iframe-----
```

```
<iframe
src="http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1351189568/contido/lim.swf?libro=aparelo_excretor.lim" frameborder="0" width="600" height="500" scrolling="auto"></iframe>
```

```
--Url-----
```

```
http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1351189568/contido/lim.swf?libro=aparelo_excretor.lim
```

Práctica: iDevice "Actividade de Elección múltiple"

Pasos:

Este tipo de pregunta unicamente admite como correcta UNHA opción.

As partes da Acrópole

Pregunta

1 Das seguintes construcións sinala cal NON é característica dunha Acrópole.

Ruta:

Sugerencia

2 Antes de responder navega pola animación anterior.

Ruta:

Opción **Opción correcta**

3 O templo

Ruta:

Retroalimentación

4 ¡¡¡Noooooon!!! O Templo é unha edificación imprescindible na Acrópole.

Ruta:

Opción

6 A catedral gótica

Ruta:

Retroalimentación

7 ¡¡Correcto!! Os gregos non ían a misa os domingos nin construíron catedrais.

Ruta:

5

9

10

Práctica: iDevice “Actividade de Selección Múltiple”

Pasos:

Neste iDevice pódese elixir máis de unha opción.

1 Autoevaluación: As partes da Acrópole

Pregunta: ?

2 Sinala TODAS as partes características dunha Acrópole

Ruta:

Opciones ?

Opción ? Opción correcta ?

3 O templo

Ruta:

Opción ?

4 A Catedral

Ruta:

Opción ?

5 O Frontón

Ruta:

Opción ?

6 A Ágora

Ruta:

Opción ?

7 As Murallas

Ruta:

Opción ?

8 Pista de patinaxe

Ruta:

Agregar otra opción

Retroalimentación: ?

9 Se errches nalgunha opción, volve a navegar pola animación sobre a Acrópole.

Ruta:

Agregar otra pregunta

10

11

12


Cabeceira do Sitio web

Pasos para inserir unha cabeceira no recurso eXe:

Elabore a cabeceira do seu recurso eXe. Cre unha imaxe de 1024 x 90 píxels colocando nela textos e imaxes. Neste recurso creouse esta cabeceira:




Para incorporala ao recurso eXe.



1. Prema en "Propiedades".
2. Cargar imaxes:
 1. Ábrese o explorador de arquivos para localizar a imaxe onde a teña gardada.
3. Aplicar.

Para ver acabeceira:

1. Garde o recurso.
2. Expórteo:



1. Archivo
 2. Exportar
 3. Sitio web
 4. Carpeta auto-contenida
3. Lance o arquivo INDEX.HTML (no caso de non abrirse automáticamente)

Na lapela "Propiedades" tamén pode indicar a licenza coa que vai publicar o seu recurso así como o pé de páxina. Ambos datos aparecerán en tódalas páxinas.

Subir un recurso eXe a Moodle

Un recurso educativo eXe pódese subir a Moodle en diferentes formatos. Os máis usuais son:

1. Sitio web.
2. Paquete de contido IMS.
3. SCORM 1.2 .

En primeiro lugar debe exportar o recurso ao formato elixido. Xérase un arquivo .ZIP, que deberá subir á aula virtual e ligalo dende o curso virtual. Se o sube como Sitio web, debe desempaquetar o arquivo ZIP nun cartafol específico para o recursos (para evitar que se mesturen os arquivos de diferentes recurtsos) e ligar o artquivo index.html.

Pasos para subir, desempaquetar e ligar o recurso eXe como un Sitio web:

The screenshot shows the Moodle interface for the course 'Curso Profes 2012/13'. The user is logged in as 'Agustín Carracedo'. The 'Administración' menu on the left has 'Ficheiros' highlighted with a red box and the number 3. The 'Esquema de tema' section shows 'Sitio Web' selected with a red box and the number 1. The top right corner shows the user's name and a 'Salir' button with a red box and the number 2.

1. Entre no "Curso Profes 2012/13"
2. Identifíquese se aínda non o fixo.
3. No Bloque "Administración", entre en "Ficheiros"

The screenshot shows the Moodle file manager for the course 'Curso Profes 2012/13'. The user is logged in as 'Agustín Carracedo'. The file list shows the following files:


Nome	Tamaño	Modificado	Acción
Cartafol pai			
paquete_contenidos_ims	0 bytes	31 Xan 2013, 08:23	Renomear
scom	0 bytes	31 Xan 2013, 08:23	Renomear
sitio_web	16.6MB	31 Xan 2013, 08:22	Renomear

Below the file list, there are buttons for 'Crear un cartafol' (1), 'Cargar ficheiros' (3), and 'Seleccionar todo' / 'Desmarcar todo'. The 'Crear un cartafol' button is highlighted with a red box and the number 1, and the 'Cargar ficheiros' button is highlighted with a red box and the number 3.


1. Cre un cartafol para aloxar nel o recurso, dentro do cartafol co seu nome.
2. Prema no cartafol creado.
3. Prema en "Cargar ficheiro" e localice no ordenador o arquivo .ZIP co recurso eXe.








1. Descomprima o arquivo



1. Entre no cartafol descomprimido e borre o arquivo .ZIP (xa non é necesario e "pesa" moito).
2. Do largo listado de arquivos desempaquetados unicamente interesa localizar o arquivo: "Index.html"
3. Regrese á páxina inicial do curso.



1. Active edición
2. Engadir Recurso
3. Ligazón a un ficheiro ou sitio web. Ábrese o formulario de configuración da ligazón ao sitio web:

<input type="checkbox"/>	 icon_summary.gif	974 bytes 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
<input type="checkbox"/>	 icon_synthesis.gif	1KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
<input type="checkbox"/>	 icon_technology.gif	1.7KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
<input type="checkbox"/>	 icon_time.gif	1KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
<input type="checkbox"/>	 icon_web_resource.gif	1.1KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
1	<input type="checkbox"/> index.html	9KB 31 Xan 2013, 07:41	2 Escolla Editar Renomear
<input type="checkbox"/>	 inserir_flash_e_ppt.html	8.5KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Editar Renomear
<input type="checkbox"/>	 inserir_swf.jpg	54.8KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear
<input type="checkbox"/>	 libot_drag.js	2.3KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Editar Renomear
<input type="checkbox"/>	 magnifier.swf	59.8KB 31 Xan 2013, 07:41	Escolla Renomear

No paso 2 debe:

1. Localizar o arquivo **index.html**
2. Premer en "Escolla".

A ligazón está feita: No curso virtual aparecerá o enlace e ao premer nel abrirase unha nova xanela na que mostrará a páxina web creada con eXeLearning.

Tamén pode subir o recurso eXe noutros formatos:

1. SCORM 1.2
2. Paquete de contenido IMS (IMS CP)

Para subilos neste formato debe

1. Exportar o recurso previamente ao formato elixido. Xérase un arquivo .ZIP
2. Subir o arquivo ZIP a Moodle
3. Ligar o arquivo ZIP directamente (non fai falla desempaqetalo)



Prácticas con eXelearning, por [Agustín Carracedo Santos](#). Atópase baixo unha Licenza **Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 España**.